

A NEFASTA XESTIÓN DA POLICÍA LOCAL DE REDONDELA POR PARTE DO PARTIDO POPULAR

A semana pasada asistiamos a dúas novas en prensa que facían referencia explícita á Policía Local de Redondela. Por unha parte, a demanda da Federación de Asociacións De veciños “San Simón” de máis presenza policial nas noites festivas e con máis afluencia á nosa vila. Por outra parte, temos a “estraña” nova de ver como **un mando da Policía Local de Redondela pasa a ser xefe da Policía Local de Gondomar, mentres o alcalde de Gondomar pasará a ser inspector de Policía Local no Concello de Redondela. O mundo ao revés!**

A falta de efectivos na Policía Local de Redondela é unha preocupante realidade dende hai tempo. Dos vinte e oito axentes actuais, dez están de baixa (máis dun terzo), feito que reflicte unha desorganización e un conflito na xestión deste corpo por parte do alcalde, Javier Bas, e por parte do reprobado concelleiro de Interior, Arturo González. A isto temos que engadir que dende hai uns meses, a Policía Nacional deixou de prestar servizo nocturno no noso concello e só acude en caso de ser solicitada; froito das malas xestións que o goberno local fixo co subdelegado do Goberno. Ao longo deste ano, o noso Concello vai contratar a nove auxiliares de policía por períodos de seis meses (auxiliares que non poden desempeñar as funcións propias dun policía), mentres en anos anteriores só contrataba a catro. Ademais, preténdese cubrir en comisións de servizos cinco postos máis, algo que xa viña sendo unha demanda histórica dos sindicatos policiais, á que o equipo de goberno actual sempre se negou, ata que se viron desbordados.

Dende AER entendemos que este aumento na contratación de efectivos responde á negativa por parte dos axentes de facer horas extras dende o pasado mes de Nadal, debido a **discrepancias co goberno local e, particularmente, co Concelleiro de Interior** (ao que o alcalde lle dá o máximo respaldo unha e outra vez); cuxa xestión está caracterizada pola falta de criterio profesional e polo uso partidista da Policía Local. Sobre estas horas extras que os axentes se negan a realizar, cabe mencionar que hai pouco máis dun ano, durante a celebración do Luns do Cristo de 2016, dez (10) foron os axentes aos que o goberno local lles asignou a realización de horas extras de reforzo pola celebración da procesión dese día. Un deses axentes estreaba cargo de inspector en comisión de servizos, asistindo á procesión ao carón de quen o nomeara para o cargo e baixo as súas ordes, o alcalde de Redondela. O Concello de Redondela aboou estas horas extras por participar nun evento relixioso, o que tivo que ser unha instrución directa ou do xefe de persoal do Concello, ou sexa, o Alcalde, ou do responsable do Departamento de Interior.

No caso da praza de inspector de policía, dende AER solicitamos a comparecencia do alcalde en xaneiro do ano pasado para que se nos explicaran as decisións tomadas respecto deste posto. Lembramos que mentres o goberno local convocou todas as ofertas públicas de emprego que realizara ata ese momento por promoción interna (cando o persoal do concello cumpría os requisitos do posto vacante) ou por oposición libre (á que calquera podía optar); mudou de criterio para as prazas de mestres do conservatorio (concurso oposición finalmente) e para a praza de inspector da Policía Local. Neste caso fíxose por mobilidade horizontal, de xeito que para acceder a esa praza precisábase ter xa a categoría, impedindo que dende o corpo actual da Policía Local se puideran ter posibilidades de acceso a ese posto.

Dende AER denunciámos o uso torticero, interesado e partidista que fixo Javier Bas coa comisión dos procesos selectivos neste caso do inspector da policía local. Dende que se aprobou en pleno crear esta comisión, sempre se levaron as bases das ofertas de emprego público para "APROBAR", pero como neste caso a proposta do alcalde ía ser rexeitada (porque toda a oposición e maioría sindical votaban a favor da promoción interna), o alcalde levounas só para "ESTUDO E VALORACIÓN", para poder facer despois o que lle deu a gana e convocar a praza por mobilidade horizontal.

A esta praza presentáronse dúas persoas e o vencedor foi o actual alcalde de Gondomar e antigo inspector da policía dese concello. Sacando esta praza por mobilidade horizontal, o goberno local do Partido Popular era consciente da posibilidade de que quen gañara non ocupase a praza... pois ben, isto é o que dicía o alcalde de Gondomar (novo inspector da policía local de Redondela) no diario Faro de Vigo: *"espera non chegar a vestir o uniforme nas dependencias redondelás polo momento, xa que **solicitará unha excedencia** por ostentar un cargo público en canto acceda ao posto. **Aínda non ten claro se o fará no futuro, xa que espera dar por terminada a súa etapa policial y exercer como avogado cando deixe a Alcaldía.**"* Pois vaia negocio fixeron para o noso Concello! Esta praza de inspector quedará vacante durante moitos anos a pesar de que o goberno local puido cubri-la con membros da Policía Local de Redondela; pois había dous funcionarios que podían aspirar a este posto de inspector: Fernando Alfaya, a persoa que actualmente desempeña este cargo en comisión de servizos (por decisión arbitraria, sen criterios e unilateral por parte do alcalde); e Obdulio Iglesias, recentemente nomeado xefe da Policía Local de Gondomar.

